



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Estancias Clínicas V	Código	750G01029	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	para poder cursar esta materia es necesario tener aprobadas todas las estancias clínicas previas (I, II y III).			
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Pérez Castro, Teresa Rosalía	Correo electrónico	t.perez@udc.es	
Profesorado	Gago García, Esther	Correo electrónico	e.gago@udc.es	
	Pérez Castro, Teresa Rosalía		t.perez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	<p>Materia de práctica clínica de intervención integradora, supervisada por profesionais enfermeiros e por profesores da Universidade situados nos recursos sanitarios seleccionados como contornas clínicas de aprendizaxe práctica de nivel intermedio. O seu obxectivo fundamental, é permitir a incorporación por parte do alumno dos valores profesionais, razoamento clínico, xestión clínica e o xuízo crítico.</p> <p>Estas estancias teñen a finalidade de que o alumno poida integrar os coñecementos teóricos e habilidades adquiridas que lle permitan entender, comprender, diagnosticar, deseñar un plan de coidados e desenvolvelo tendo en conta a situación de saúde da persoa. Tamén desenvolver habilidades de comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario.	A62	B1 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B14 B22 B24
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos.	A62	B1 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12



Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital.	A62	B1 B3 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B22	C1 C3 C7 C10 C11 C12
Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B20	C3 C7 C10
Actuar segundo os principios éticos e legáis que guían a profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B20 B22 B24	C3 C4 C7 C10 C11 C12

Contidos	
Temas	Subtemas



Prácticas clínicas tuteladas realizadas en unidades hospitalarias de atención ás persoas adultas en situación crítica.	<p>Presentación e discusión dun caso como base para mostrar o traballo e aprendizaxe enfermeiro. É o estudo da particularidade e da complexidade dun caso singular, para chegar a comprender a súa actividade en circunstancias concretas.</p> <p>A técnica de estudo de casos, consiste en proporcionar unha serie de casos que representen situacións diversas da práctica clínica para que se estuden e analicen. Desta maneira, preténdese adestrar aos alumnos na xeración de solucións.</p>
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	B1 B3 B7 B8 B11 B13 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12	0	21	21
Prácticas clínicas	A62 B5 B6 B9 B10 B12 B14 B15 B16 B20 C4	120	8	128
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas Estudo de casos	<p>A atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos, guiandolos a través da aprendizaxe. Isto permite facer un seguimento do proceso de maduración das competencias.</p> <p>Esta atención farase telemáticamente a través de Moodle ou Teams</p> <p>MECANISMOS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA Ó ALUMNADO</p> <p>? MOODLE para resolución de dudas a través do correo ou do Foro de dudas. Frecuencia: según demanda</p> <p>? TEAMS para tutorías virtuais, mantendo os mesmos horarios que estaban marcados para as tutorías presenciais, ou en caso de ser necesario, adaptando os horarios para facilitar as reunións.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Prácticas clínicas	A62 B5 B6 B9 B10 B12 B14 B15 B16 B20 C4	<p>A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a Facultade. Como resultado do rotatorio práctico, xerárase un informe final, que será elaborado polos profesionais da unidade na que o alumno realiza a súa estancia. Este informe será finalmente revisado e valorado polos docentes da materia. Na elaboración do informe, teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do alumno.</p> <p>Realizarase unha tutoría personalizada obrigatoria de forma telemática a través de Teams para a comunicación do informe de prácticas. O número máximo de faltas posibles será de 2 xornadas. Estas serán debidamente xustificadas e recuperadas nas datas establecidas.</p> <p>O alumno dispondrá dun documento de firmas que terá que cumprimentar a diario xunto co nome do profesional de Enfermería co que estivera nesa xornada.</p>	75
Estudo de casos	B1 B3 B7 B8 B11 B13 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12	<p>A súa realización é obrigatoria. Entregaranse a través de Moodle</p> <p>Estrutura dun caso clínico:</p> <p>Titulo: Debe ser claro e linguaxe sinxela.</p> <p>Introdución: O obxectivo é motivar. É desexable destacar a súa importancia en base á súa prevalencia, gravidade, dificultade para o seu recoñecemento, forma de presentación etc..</p> <p>Exposición do caso: Consiste na descrición da anamnesis, a exploración realizada e a avaliación clínica do paciente. Débese respectar a confidencialidade do paciente. Se o caso requireo pódense incluír imaxes, genogramas, diagramas ou algoritmos.</p> <p>Discusión: Nela salientase por que o caso é relevante. Explicase o interese científico do caso clínico.</p> <p>Conclusión: Inclúense os comentarios de a solución do caso apuntando as súas particularidades científicas, a súa novidade ou como se manexo a incerteza. Serve para clarificar aspectos discutibles e destacar a mensaxe que debe quedar da súa lectura. Pola súa finalidade educativa debemos ter un ensino que se proxecte no futuro por medio de recomendacións para o manexo de paciente ou as liñas de investigación que poderían orixinarse á mantenta do caso.</p> <p>Reseña bibliográfica: Revisión actualizada da bibliografía existente na que se basea o caso.</p> <p>Farase unha exposición conxunta entre todos os integrantes dos grupos en cada rotatorio ó finaliza-lo período de prácticas, co soporte audiovisual que os alumnos consideren oportuno. Esta exposición será presencial. Esta exposición terá unha duración de entre 6 e 8 minutos máximo. O traballo terá que ser remitido a través de Moodle na data indicada.</p>	25

Observacións avaliación



Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas V e ter superadas as Estancias Clínica I e II e III tal e como consta na memoria do Título de Grao. Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente xustificadas deberán recuperarse, sempre que non excedan o 50% das planificadas. As ausencias non xustificadas poden supor o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizácese no período establecido polo profesor antes do peche de actas. Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínicas e Estudo de Casos) cunha puntuación ≥ 5 puntos. A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO na acta. A cualificación numérica obtense establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 75% e Estudo de casos 25%) en cada unha das partes. Según consta nas Normas de Avaliación, Revisión e Reclamación das cualificacións dos Estudos de Grao e Postgrao Universitario da UDC, no artigo 18.5 "en las asignaturas que por su naturaleza se evalúan exclusivamente a través de actividades no recuperables, como puede ser el caso de pasantías en empresas, prácticas o pasantías clínicas, el los estudiantes solo podrán usar la segunda oportunidad para recuperar otras actividades como el informe final o informes?". Dito artigo ven a sinalar que o suspenso na parte de Prácticas Clínicas NON terá posibilidade de 2ª oportunidade. Só haberá 2ª oportunidade no caso de suspenso no Estudo de Casos. En ese caso, o alumno tendrá que presentar na data prevista a través de Moodle a tarefa, e defendela na data sinalada a través de Teams. A nota máxima neste caso no Estudo de Casos será de 5 puntos. O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9 Suspenso. 5-6.9 Aprobado. 7-8.9 Notable. 9-10 Sobresaliente. 9-10 Matrícula de Honra (graciable). O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente. Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán ao redor de dita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Estudo de caso) son a asistencia, compromiso individual, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica, no estudo de casos e as competencias adquiridas para esta materia. As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o alumno obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega no estudio de caso e nas prácticas fose significativa. As probas superadas na oportunidade de febreiro, conservaranse para a oportunidade de xullo.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Tirado G., et al. (2011). Cómo escribir un caso clínico en enfermería utilizando taxonomía NANDA, NOC, NIC.. Index de Enfermería</p> <p>- Corona L, Fonseca M. (2009). El método clínico como método de enseñanza en la carrera de medicina.. Medisur</p> <p>- Bulechek, G., Et al. (2014). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). (6ª ed). Barcelona: Elsevier</p> <p>- NANDA Internacional (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier</p> <p>- Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña (2008). Manual de Procedimientos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña. Fistera http://www.fistera.com/</p> <p>- NANDA Internacional (2015). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2015-2017. . Madrid: Elsevier</p> <p>- Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) 5ª ed.. Barcelona: Elsevier</p> <p>- Soto F. (2017). Manual de Ventilación Mecánica para Enfermería. Panamericana</p> <p>- A.Ochagavía, F.Baigorria, J.Mesquida, J.M.Ayuelab, A.Ferrándiz, X.García, M.I.Monged, L.Mateuc, C.Saba (2014). Monitorización hemodinámica en el paciente crítico.Recomendaciones del Grupo de Trabajo de Cuidados Intensivos Cardiológicos y RCP de la Sociedad Española de Medicina Intensiva, Crítica y Unidades Cor. Elsevier</p> <p>1.- Tirado Pedregosa, G., Hueso Montoro, C., Cuevas Fernández-Gallego, M., Montoya Juárez, R., Bonill de las Nieves, C., & Schmidt Río-Del Valle, J. (2011). Cómo escribir un caso clínico en Enfermería utilizando Taxonomía NANDA, NOC, NIC. Index de Enfermería, 20 (1-2), 111-115.</p> <p>2.- Corona Martínez, L., & Fonseca Hernández, M. (2009). El método clínico como método de enseñanza en la carrera de medicina. Medisur, 7(6), 23-25.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estancias Clínicas I/750G01025
 Estancias Clínicas II/750G01026
 Estadías Clínicas III/750G01027

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Clínicas IV/750G01028
 Estancias Clínicas VI/750G01030
 Estancias Clínicas VII/750G01031

Materias que continúan o temario

Practicum/750G01032

Observacións



Recoméndase ao alumnado desta materia unha lectura profunda da normativa de Estancias Clínicas da Facultade. Esta será colgada no moodle da materia. A asistencia ás prácticas clínicas comprobarase mediante unha folla de firmas que se entregará ao principio das mesmas e que terá que ser asinada polo titor clínico que teña ese día (xunto co seu nome). Non se contemplan faltas non xustificadas. As xustificadas (ausencias) comunicaranse formalmente ao titor clínico e ao docente da materia. Os cambios de quenda han de ser comunicados previamente ao docente e aceptados por este tras a aceptación polo titor clínico. Estes deben gardar un equilibrio no número de horas programadas en horario de mañá e tarde. O horario debe cumprirse na súa totalidade. Contéplase un descanso de 30 minutos por quenda. A asistencia a xornadas e congresos durante as prácticas este debe estar relacionado directamente coa materia, ser de carácter oficial, ser aprobado polo titor clínico e polo docente da materia previamente. A recuperación de días en mañás de sábado dependerá da propia unidade de rotación e as súas características e da aprobación do titor clínico.

Non se contemplan recuperacións dobrando quenda.

Non se permite o uso de móbiles salvo en horario de descanso. Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio. PLAGIO: En la realización de los trabajos de la materia, el plagio y la utilización de material no original, incluido aquel obtenido a través de la internet, sin indicación expresa de su origen y, si es el caso, el permiso de su autor/a, será calificado con suspenso (0,0) en la actividad. Todo eso sin perjuicio de las responsabilidades disciplinarias a las que pudiera haber lugar tras el correspondiente procedimiento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías